

Xénero, raza e clase

Angela Davis

As incontables tarefas coñecidas colectivamente como “traballo doméstico” —cociñar, lavar a louza e a roupa, facer as camas, varrer, facer a compra, etc.— seica consomen unhas tres ou catro mil horas de promedio do ano dunha muller.¹ Con todo o sorprendente que é esta estatística, non conta coa constante e incontable atención que as nais lles dan ás súas crianzas. Así como as tarefas maternais dunha muller son sempre dadas por supostas, o seu traballo interminable como ama de casa rara vez consegue algunha mostra de consideración coa súa familia. Este traballo, despois de todo, é virtualmente invisible: “Ninguén o nota ata que non se fai —percibimos a cama sen facer, non o chan limpo.»² Invisible, repetitivo, exhaustivo, improdutivo, non creativo —estes son os adxectivos que captan perfectamente a natureza do traballo doméstico.

A nova conciencia aparellada ao movemento contemporáneo das mulleres mobilizou un número importante delas para demandaren que os seus homes brinden algún alivio a esta carga. Xa hai máis homes que comezaron a asistir as súas compañeiras na casa, algúns deles mesmo dedicándolles o mesmo tempo ás tarefas da casa. Pero cantos deses homes se liberaron da presunción de que o traballo doméstico é cousa de mulleres? Cantos deles non caracterizarían as súas tarefas como “axudar” as súas compañeiras?

Se fose posible, ao tempo, liquidar a idea de que o traballo doméstico é traballo de mulleres e redistribuílo equitativamente entre homes e mulleres, constituiría isto unha solución satisfactoria? Mentres que as mulleres acollerían alegrementemente a chegada dos “amos de casa”, a desexualización do traballo doméstico non alteraría realmente a natureza opresiva do traballo en por si. Na análise final, nin homes nin mulleres deberían estragar preciosas horas das súas vidas traballando en algo que non é estimulante nin produtivo.

[1] Oakley, *The Sociology of Housework* (Nova York: Pantheon Books, 1974), p. 6.

[2] Barbara Ehrenreich e Deirdre English, “The Manufacture of Housework” en *Socialist Revolution*, No. 26, Vol. 5 No. 4 (outubro-décembro 1975), p. 6.

Un dos mellor gardados segredos das sociedades no capitalismo avanzado abrangue a posibilidade —a posibilidade real— de transformar radicalmente a natureza do traballo doméstico. Unha parte substancial das tarefas domésticas poden ser incorporadas á economía industrial. Noutras palabras, o traballo doméstico non ten porque ser considerado necesariamente e de xeito inalterable de carácter privado. Equipos de profesionais ben pagos e preparados, movéndose dunha vivenda a outra, ideando maquinaria de limpeza tecnicamente avanzada, podería, de xeito rápido e eficiente, desenvolver o traballo que unha ama de casa de hoxe fai de xeito arduo e primitivo. Por que un veo de silencio envolve este potencial de redefinir radicalmente a natureza do traballo doméstico? Porque a economía capitalista é estruturalmente hostil á industrialización deste traballo. A socialización do mesmo implica importantes subsidios do goberno para garantirles ás familias da clase traballadora a accesibilidade a estes servizos. Ao seren pequenos os beneficios do traballo doméstico industrializado —como todas as empresas que non reportan beneficios—, sería un anatema para a economía capitalista. Porén, a rápida expansión da forza de traballo feminina significa que cada vez máis mulleres atopan difícil seren amas de casa consonte os estándares tradicionais, polo que a socialización do traballo doméstico está a se converter nun obxectivo social necesario. O traballo doméstico como responsabilidade individual e privada das mulleres realizada baixo condicións técnicas primitivas está, á fin, achegándose á obsolescencia histórica.

Malia converterse o traballo doméstico tal e como o coñecemos nunha reliquia, as actitudes sociais dominantes continuarán a asociar a eterna “condición feminina” con imaxes de vasoiras, recolletores, fregonas, caldeiros, mandís, cociñas e potas. E tamén é certo que o traballo das mulleres, dende unha era histórica á outra, estivo asociado co fogar. Malia non ser sempre o traballo das mulleres na casa como é hoxe, para todos os fenómenos sociais, o traballo doméstico é un produto da historia humana. Mentres os sistemas económicos chegaban ao seu auge e decaían, o ámbito e as cualidades do

traballo doméstico non acadaron transformacións radicais.

Como Frederick Engels *argumentaba* n'*A Orixe da familia, a propiedade privada e o Estado*,³ a desigualdade sexual tal e como a coñecemos hoxe non existía antes da propiedade privada. Nas eras máis temperás da historia humana, a división sexual do traballo dentro do sistema de produción económica era tan complementaria como oposta á xerarquía. En sociedades onde os homes foran responsábeis de cazar e as mulleres da colleita, os dous sexos desenvolvían traballos económicos que eran equitativamente esenciais para a supervivencia da comunidade. Porque a comunidade, durante esas eras, era esencialmente a familia estendida, e o rol central da muller nos asuntos domésticos significaba que eran membros respectados e valorados da comunidade.

A centralidade das tarefas domésticas das mulleres nas culturas precapitalistas foi demostrada nunha experiencia persoal nunha viaxe en jeep que fixen en 1973 nas chairas Masai. Nun carreiro solitario en Tanzania, percibín que había seis mulleres Masai balanceando enigmáticamente enormes táboas nas súas cabezas. Como explicaron os meus amigos, esas mulleres probablemente estaban a transportar o tellado dunha casa a unha nova vila que estaba en proceso de construción. Aprendín que entre os Masai, as mulleres son as responsables de todas as actividades domésticas, pero tamén da construción das súas casas nómades. O traballo doméstico non concernía só limpar a cociña, coidar as crianzas ou varrer, senón tamén construír. Tan importante coma as actividades gandeiras dos homes, o traballo das mulleres non era menos produtivo nin esencial.

Na economía nómade e precapitalista dos Masai, o traballo das mulleres é tan importante coma o dos homes. Como produtoras, gozan dun status social importante. Nas sociedades capitalistas avanzadas, pola contra, o servizo doméstico das amas de casa rara vez produce evidencias tanxibles do seu traballo, e deprecia o status sociais das mulleres en xeral. A ama de casa, atendendo á ideoloxía burguesa, é, simplemente, a serventa do seu home pola vida.

A fonte desta noción burguesa da muller como eterna serventa do home é unha historia reveladora en por si. Na relativamente curta historia dos Estados Unidos de América, a ama de casa como un produto histórico acabado ten pouco máis dun século. O traballo doméstico, durante a era colonial, era totalmente diferente ao traballo diario das amas de casa nos EUA de hoxe.

O traballo dunha muller comeza co saír do sol e segue todo o tempo que pode manter os ollos abertos. Por dous séculos, case todo o que familia usaba ou comía era producido baixo a súa dirección. Ela fiaba e tinguíu cada fío que levaba na roupa e cortaba e cosía as pezas. Cultivaba a comida que a familia

comía e gardaba para os meses de inverno. Facía manteiga, queixo, pan, candeas e xabrón, e cosía os calcetíns⁴.

Na economía agraria da Norteamérica, unha muller facendo as tarefas da casa era fiandeira, tecedora, e costureira, así como panadeira e fabricante de manteiga, candeas e xabrón. Etc., etc., etc.

‘... as presións da produción doméstica deixaban moi pouco tempo para as tarefas que se recoñecerían hoxe como traballo doméstico. As mulleres de antes da revolución industrial eran descoidadas señoras da súa casa para os baremos de hoxe. Na vez da limpeza diaria ou semanal estaba a limpeza de primavera. Os menús eran sinxelos e repetitivos; as roupas non se mudaban con tanta frecuencia, e a limpeza facíase unha vez ao mes, ou mesmo nalgúnhas casas unha vez cada tres meses. E, dende logo, dende o momento en que cada lavado requiría a carga de moitos caldeiros de auga, os estándares de limpeza eran facilmente descoidados⁵.’

As mulleres da etapa colonial non eran limpadoras da súa casa, senón complexas traballadoras da economía doméstica. Non só manufacturaban os produtos necesarios da casa, senón que eran gardiás das súas familias e da saúde da comunidade.

‘Era a súa responsabilidade [da muller na etapa colonial] recoller e secar herbas usadas como medicinas. Era tamén doutora, enfermeira e parteira coa súa propia familia e na comunidade⁶.’

Incluídas no Libro Práctico de Receitas dos Estados Unidos hai tanto receitas culinarias como para medicinas caseiras: para curar a tiña, por exemplo, “obtén algunha sanguinaria (*sanguinaria canadensis*), pona en vinagre, e logo enchoupa a zona afectada co líquido⁷.’

A importancia económica das funcións domésticas das mulleres na América colonial complementábanse cos seus papeis visíbeis na actividade económica fóra da casa. Aceptábase, por exemplo, que unha muller rexentase unha taberna.

‘As mulleres dirixían tamén serradoiros e muíños, facían cadeiras e mobiliario, traballaban en matadoiros, coloreaban algodón e outra roupa, facían encaixe e levaban tendas de téxtil. Traballaban en estancos e droguerías (onde vendían beberaxes que elas mesmas facían), e tendas, en xeral, onde se vendía de todo. Levaban gafas, cardaban a la e mesmo pintaban casas. Ou levaban a funeraria da cidade...⁸’

O xurdir da industrialización resultou nunha proliferación de fábricas no Nordeste do novo país. O téxtil de Nova Inglaterra foi o precursor de maior éxito. Como fiar e tecer

[3] Frederick Engels, *Origin of the Family, Private Property and the State*, editado cunha introdución de Eleanor Burke Leacock (Nova York: International Publishers, 1973)

[4] Barbara Wertheimer, *We Were There: The Story of Working Women in America* (Nova York: Pantheon Books, 1977), p. 12.

[5] Ehrenreich e English, *op. cit.*, p. 9.

[6] Wertheimer, *op. cit.*, p. 12.

[7] Rosalyn Baxendall, Linda Gordon, Susan Reverby, eds., *America's Working Women: A Documentary History — 1600 to the Present* (Nova York: Random House, 1976), p. 17.

[8] Wertheimer, *op. cit.*, p. 13.

eran ocupacións femininas, as mulleres foron as primeiras traballadoras recrutadas. Considerada a exclusión das mulleres da produción industrial, este foi un dos principais traballos onde os traballadores eran mulleres.

Segundo avanzaba a industrialización, levando a produción económica da casa para a fábrica, a importancia do traballo doméstico das mulleres sufriu unha erosión sistemática. As mulleres eran as perdedoras por partida dobre: como os traballos tradicionais foron usurpados polas fábricas, toda a economía se desprazou fóra da casa, deixando moitas mulleres privadas de ter un rol económico significativo. A mediados do século XIX, a industria provía de téxtiles, candeas e xabón. Mesmo manteiga, pan e outros produtos alimentarios comezaban a ser producidos en masa.

‘Rematando o século, case ninguén facía o seu propio amidón ou facía a colada nunha caldeira. Nas cidades, as mulleres mercaban o seu pan e a súa roupa interior xa feita, mandaban nenos á escola e mesmo algunhas roupas a lavar fóra da casa, e falábase das virtudes da comida enlatada... Chegara o crecemento da industria, e deixara inoperativo o tear no faiado e as caldeiras de facer xabón’.

Mentres se consolidaba a industria capitalista, o abismo entre a nova esfera económica e a vella economía doméstica volveuse maior. A recolocación física da produción económica, causada polo xurdir do sistema industrial, foi, sen dúbida, unha transformación drástica. Pero aínda foi máis radical a revalorización xeneralizada da produción necesaria para o novo sistema económico. Mentres os bens manufacturados na casa se valoraban como primarios por cubriren as necesidades básicas da familia, a importancia das comodidades producidas na fábrica residía no seu valor de cambio —na súa capacidade de cubrir as demandas dos empregados para o beneficio. Esta revalorización da produción económica revelou —amais da separación física entre o fogar e a fábrica— unha separación estrutural fundamental entre a economía doméstica e a economía orientada ao beneficio do capitalismo. Ao non xerar beneficios o traballo doméstico, definíase como unha forma inferior de traballo.

Un produtor ideolóxico importante desta transformación económica radical foi o nacemento da “ama de casa”. As mulleres comezaron a ser ideoloxicamente redefinidas coma as gardiás da depreciada vida doméstica. Con todo, esta redefinición do lugar das mulleres contradiciáse descaradamente co gran número de mulleres inmigrantes que aumentaban as cifras da clase traballadora no Nordeste. Estas mulleres brancas inmigrantes eran primeiro asalariadas, e, de forma secundaria, amas de casa. E había outras mulleres —millóns delas— que traballaban duro lonxe da casa, coma as involuntarias produtoras da economía escrava do Sur. A realidade sobre o lugar das mulleres no século XIX, na sociedade estadounidense, involucrava brancas que botaban os días a facer

traballar as máquinas da fábrica por salarios de miseria, e tamén involucrava mulleres negras que traballaban en condicións de escravitude. A “ama de casa” reflectía unha realidade parcial, xa que era un símbolo da prosperidade económica da emerxente clase media.

Malia ser enraizada a “ama de casa” nos termos da burguesía e as clases medias, a ideoloxía do século XIX estableceu a ama de casa como a nai de todos os modelos feminidade. Mentres que a propaganda popular representaba a vocación de todas as mulleres como a función dos seus roles no fogar, as mulleres obrigadas ao traballo asalariado eran tratadas como visitantes alleas no mundo masculino da economía pública. Unha vez pisaran fóra da súa esfera “natural”, as mulleres non debían ser tratadas como asalariadas de pleno dereito. Pagaron un prezo que supuxo moitas horas, duras condicións e tremendamente inaxeitados salarios. A súa explotación era máis intensa que a que sufrían os seus compañeiros varóns. Non é necesario dicir que o sexismo xurdiu como outra vía de creación de beneficios para os capitalistas.

A separación estrutural da esfera pública da economía capitalista e a economía privada do fogar foi continuamente reforzada pola tenaz “primitividade” do traballo doméstico. Malia a proliferación de aparellos para o fogar, o traballo doméstico foi pouco afectado, cualitativamente, polos avances tecnolóxicos da industria capitalista. Aínda consome miles de horas do ano da ama de casa. No 1903 Charlotte Perkins Gilman propuxo unha definición do traballo doméstico que reflectía os avances que cambiaran a estrutura e o contido do traballo doméstico nos Estados Unidos:

‘... A frase “traballo doméstico” non se aplica a un tipo específico de traballo, senón a un “graou” de traballo, un estadio de desenvolvemento a través do que pasan todos os tipos. Todas as industrias foron algunha vez “domésticas”, realizadas dentro do fogar e en beneficio da familia. Todas as industrias pasaron dende ese remoto período a estadios máis altos, bardante unha ou dúas que nunca deixaron o seu estadio primario.’¹⁰

“A casa,” sostén Gilman, “non se desenvolveu de forma proporcional a outras institucións”. A economía doméstica revela

‘... a mantenza de industrias primitivas nunha comunidade industrial e o confinamento das mulleres a esas industrias e á súa limitada área de expresión.’¹¹

O traballo doméstico, insiste Gilman, vulnera a humanidade das mulleres:

‘Ela é feminina como o home é masculino; pero ela non é humana como el é humano. A vida doméstica non brinda

[9] Ehrenreich e English, *op. cit.*, p. 10.

[10] Charlotte Perkins Gilman, *The Home: Its Work and Its Influence* (Urbana, Chicago, London: University of Illinois Press, 1972. Reimpresión da edición de 1903), pp. 30-31.

[11] *Ibid.*, p. 10.

a nosa humanidade do mesmo xeito que o progreso humano se desenvolve fóra.¹²

A verdade das declaracións de Gilman é corroborada pola experiencia histórica das mulleres negras nos Estados Unidos. A través da historia deste país, a maioría das mulleres negras traballaron fóra das súas casas. Durante a escravitude, as mulleres traballaron xunta os seus maridos nos campos de algodón e de tabaco, e cando a industria chegou ao Sur, puidéronse ver nas fábricas de tabaco, refinerías de azucre, ou mesmo nos serradoiros ou carrexando aceiro para as vías do tren. No traballo, as mulleres escravas eran iguais aos seus homes. E como sufrían unha esgotadora igualdade sexual no traballo, gozaban dunha igualdade sexual na casa maior cá das súas irmás brancas que eran “amas de casa”.

Como consecuencia directa do seu traballo fóra, o traballo doméstico nunca foi o foco central da vida das mulleres negras. Escaparon ao dano psicolóxico que o capitalismo industrial infrinxiu nas amas de casa brancas de clase media, que afirmaban a debilidade feminina e a submisión da esposa como virtudes; tiveron que se facer fortes, pola necesidade que as súas familias e comunidades tiñan da súa forza para sobrevivir. Unha evidencia da acumulación de forzas que as mulleres negras forxaron a través do traballo pode descubrirse nas contribucións de moitas líderes que emerxeron na comunidade negra: Harriet Tubman, Sojourner Truth, Ida Wells e Rosa Parks non son tanto mulleres negras excepcionais como epítomes da colectividade feminina negra.

As mulleres negras, con todo, pagaron un alto prezo pola suma de forzas que conquistaron e a relativa independencia que gozaron. Malia rara vez seren “amas de casa”, sempre fixeron o seu traballo doméstico. Levaron a dupla carga do traballo asalariado e o doméstico —unha dupla carga que sempre demanda que as mulleres traballadoras posúan os poderes de Sísifo. Como W. E. B. DuBois observou no 1920:

‘... unhas poucas mulleres nacen libres, e algunhas, por riba de insultos e letras escarlatas, acadan a liberdade; pero as nosas mulleres negras tiveron liberdade impoñéndoa conceptualmente. Con esa liberdade están comprando a independencia, e tan caro como é o prezo que pagan por ela, valerá coma cada insulto e queixa¹³.’

Coma os seus homes, as mulleres negras traballaron até que non puideron traballar máis. Coma os seus homes, asumiron a responsabilidade de manter as súas familias. As pouco ortodoxas cualidades femininas de asertividade e confianza en si mesmas —polas que as mulleres negras foron eloxiadas, pero con máis frecuencia reprendidas— reflicten o seu labor e as súas loitas fóra da casa. Pero coma as súas irmás brancas chamadas “amas de casa” cociñaron e limparon, nutriron e fixeron medrar unha chea de crianzas. Pero na vez de facer coma as súas irmás brancas, que aprenderon a apoiarse nos

seus homes para a seguridade económica, ás esposas e nais negras, decote tamén traballadoras, raramente se lles ofreceu o tempo e a oportunidade para convertérense en expertas en domesticidade. Coma as súas irmás brancas de clase traballadora carrexaron coa dupla carga de traballo de traballar para vivir e servir o marido e os nenos, tamén as mulleres negras viven nesta opresión dende hai ben tempo.

A escaseza, cando non a ausencia, de discusión pública sobre a viabilidade de transformar o traballo doméstico nunha posibilidade social pásalle o relevo aos poderes cegos da ideoloxía burguesa. Tampouco é que o rol doméstico da muller non recibise atención en absoluto. Pola contra, o movemento contemporáneo das mulleres representa o traballo doméstico como un ingrediente esencial para a opresión das mulleres. Mesmo hai un movemento en bo número de países capitalistas onde o asunto fundamental é a difícil situación da ama de casa. Chegadas á conclusión de que o traballo doméstico é degradante e opresivo porque é non remunerado, este movemento reclama salarios. Un cheque do goberno semanal, argumentan as súas activistas, é a clave para mellorar o status da ama de casa e a situación das mulleres en xeral.

O movemento dos salarios para o traballo doméstico orixínouse en Italia, onde a súa primeira demostración pública tivo lugar en marzo de 1974.

Dirixíndose á masa que se xuntara na cidade de Mestre, unha das oradoras proclamou:

‘A metade da poboación mundial non é remunerada —esta é a meirande contradición de clase de todas! E velái a nosa loita polos salarios para o traballo doméstico. Esta é a demanda estratéxica; neste momento, a máis revolucionaria das demandas para toda a clase obreira. Se gañamos, a clase gaña; se perdemos, a clase perde¹⁴.’

De acordo coa estratexia deste movemento, os salarios son a clave da emancipación das amas de casa, e a demanda en si está representada como o foco central da campaña para a liberación das mulleres en xeral. Por outra parte, a loita das amas de casa polos salarios foi proxectada coma a cuestión na que pivota o movemento enteiro da clase obreira.

As orixes teóricas deste movemento poden atoparse nun ensaio de Mariarosa Dalla Costa titulado “Muller e a Subversión da comunidade¹⁵.” Neste documento, Dalla Costa propón unha redefinición do traballo doméstico baseada na súa tese de que o carácter privado dos servizos domésticos é unha ilusión. A ama de casa, insiste, só aparenta atender as necesidades privadas do seu marido e fillos, pero os beneficiarios reais dos seus servizos son o empregador do seu marido e os futuros empregadores dos seus fillos.

[14] Discurso de Polga Fortunata. Citado en Wendy Edmond e Suzie Fleming, eds., *All Work and No Pay: Women, Housework and the Wages Due!* (Bristol, Inglaterra: Falling Wall Press, 1975), p. 18.

[15] Mariarosa Dalla Costa e Selma James, *The Power of Women and the Subversion of the Community* (Bristol, Inglaterra: Falling Wall Press, 1973).

[12] *Ibid.*, p. 217.

[13] DuBois, *Darkwater*, p. 185.

‘(A muller) foi illada na casa, forzada a carrexar o traballo que se considera non cualificado, o traballo de parir, facer medrar e educar os traballadores para a produción. O seu traballo no ciclo produtivo tornou invisible porque só o produto do seu traballo, o traballador, foi visible¹⁶.>

A demanda de que as amas de casa sexan remuneradas baséase na asunción de que producen unha comodidade tan importante e valorizable coma as que os seus homes producen nos seus traballos. Adoptando a lóxica de Dalla Costa o movemento define as amas de casa coma as creadoras das forzas de produción que son vendidas polos membros da familia no mercado capitalista.

Dalla Costa non foi a primeira teórica que propuxo tal análise da opresión sobre as mulleres. Tanto a obra Mary Inman *In Women’s Defence*¹⁷ (1940) coma a da Margaret Benston’s “The Political Economy of Women’s Liberation”¹⁸ (1969) definían o traballo doméstico coma un xeito de establecer as mulleres como unha clase especial de traballadores explotada polo capitalismo, chamada “amas de casa”. Que aqueles roles das mulleres procreadoras, ao coidado da casa e dos nenos, facían posible que os membros da familia traballasen —cambiasen a súa forza de traballo por salarios— non se pode negar. Pero extráese diso que as mulleres en xeral, independentemente da súa clase e raza, poden ser definidas fundamentalmente polas súas funcións domésticas? Dedúcese automaticamente que a ama de casa é un traballador clandestino no proceso de produción capitalista?

Se a revolución industrial resultou na separación estrutural da economía doméstica e a economía pública, daquela o traballo doméstico non se pode definir como un compoñente da produción capitalista. Máis ben, está relacionado coa produción en canto condición previa. Ao empregador non lle incumbe, á fin, como se produce e sostén a forza de traballo. Só lle concirne a súa capacidade de xerar beneficio. Noutras palabras, o proceso de produción capitalista presupón a existencia dun corpo de traballadores explotables.

‘O abastecemento da forza de traballo (dos traballadores) non é parte do proceso de produción, senón un requirimento previo. Acontece *fóra* do proceso de traballo. A súa función é a mantenza da existencia humana, que é o último propósito da produción en todas as sociedades¹⁹.>

Na sociedade sudafricana, onde o racismo levou a explotación económica aos seus límites máis brutais, a economía capitalista traizoa a súa separación estrutural da vida domés-

tica dun xeito caracteristicamente violento. Os arquitectos sociais do apartheid determinaron, simplemente, que o traballo negro cédelles maiores beneficios cando a vida doméstica queda totalmente descartada. Os homes negros vense como unidades de traballo cuxo potencial produtivo elle rendible á clase capitalista. Mais as súas mulleres e nenos

‘... son apéndices superfluos —non produtivos, as mulleres non son máis ca anexos da capacidade procreadora dos varóns negros, unidades de produción²⁰.>

Esta caracterización das mulleres negras coma “apéndices superfluos” é unha metáfora. Consonante a lei de Sudáfrica, as mulleres negras desempregadas son proscritas nas áreas brancas (87 por cento do país!), mesmo, na maioría dos casos, nas cidades onde os seus homes moran e traballan.

A vida doméstica negra nos centros industriais de Sudáfrica é vista polos que sosteñen o Apartheid como superflua e non xeradora de beneficios. Mais tamén coma unha ameaza

‘Os oficiais do goberno recoñecen o rol doméstico das mulleres e temen a súa presenza nas cidades, que levaría ao establecemento dunha poboación negra estable²¹.>

A consolidación das familias negras nas cidades é percibida coma unha ameaza, porque a vida doméstica podería tornarse a base dun nivel máis alto de resistencia ao Apartheid. Esta é sen dúbida a razón de que grande cantidade de mulleres, mantendo o permiso de residencia para áreas brancas, son asignadas para vivir en hostais segregados por sexo, tanto casadas coma solteiras. Nestes hostais, a vida familiar está rigorosamente prohibida. Maridos e mulleres non poden visitarse, e nin pai nin nai poden recibir visitas dos fillos²².

As intensas agresións ás mulleres negras en Sudáfrica acadaron o seu cumio. Só o 28,2 por cento está agora mesmo optando a casar²³. Por razóns económicas e de seguridade política, o Apartheid está a erosionar —co obxectivo aparente de destruír— a vida doméstica negra. O capitalismo sudafricano demostra descaradamente deste xeito ata que punto a economía capitalista é completamente dependente do traballo doméstico.

A disolución deliberada da vida familiar en Sudáfrica non se podería emprender polo goberno se de certo os servizos desenvolvidos por mulleres na casa fosen un compoñente esencial do traballo asalariado baixo o capitalismo. Esta economía doméstica pode ser ofrecida, segundo a versión sudafricana do capitalismo, coma unha consecuencia da economía privada da casa e o proceso de produción público que caracteriza a sociedade capitalista en xeral. Parece fútil discutir que

[16] *Ibid.*, p. 28.

[17] Mary Inman, *In Women’s Defense* (Los Angeles: Committee to Organize the Advancement of Women, 1940). Vid. Inman, *The Two Forms of Production Under Capitalism* (Long Beach, Cal.: Publicación da autora, 1964).

[18] Margaret Benston, “The Political Economy of Women’s Liberation,” *Monthly Review*, Vol. XXI, No. 4 (setembro, 1969).

[19] “On the Economic Status of the Housewife.” comentario editorial en *Political Affairs*, Vol LIII, No. 3 (marzo, 1974), p. 4.

[20] Hilda Bernstein, *For Their Triumphs and For Their Tears: Women in Apartheid South Africa* (London: International Defence and Aid Fund, 1975), p. 13.

[21] Elizabeth Landis, “Apartheid and the Disabilities of Black Women in South Africa,” *Objective: Justice*, Vol. VII, No. 1 (xaneiro-marzo, 1975), p. 6. Foron publicados extractos en *Freedomways*, Vol XV, No. 4., 1975.

[22] Bernstein, *op. cit.*, p. 33.

[23] Landis, *op. cit.*, p. 6.

na base da lóxica interna do capitalismo, as mulleres deberían recibir un salario polo seu traballo doméstico.

Asumindo que a teoría que demanda salarios está, desesperanzadamente, viciada, sería politicamente desexable insistir en que as amas de casa deberían ser pagadas? Non sería un imperativo moral que as mulleres fosen pagadas polas horas que lle dedican ao traballo doméstico? A idea dun cheque para as amas de casa pode soarlle atractiva a moitas mulleres. Pero pouco había durar esa atracción. Para cantas desas mulleres que desexan reconciliarse coas interminables tarefas domésticas abondaría un salario? Alteraría un salario o feito, como dixo Lenin, de que

‘... o insignificante traballo doméstico esmágaa, coártaa, atrófiaa e degrádaa (a muller), encadéaa á cociña e á enfermería, e gasta o seu traballo en asuntos improdutivos, nimios, alienantes e que esnaquizan os nervios²⁴’

Parece que os cheques do goberno para as amas de casa non farían máis ca lexitimar a súa escravitude doméstica.

Acaso non é unha crítica implícita ao movemento polos salarios ao traballo doméstico que as mulleres no benestar raramente demandaron salarios por coidaren as súas casas? Non “salarios polo traballo doméstico”, senón “uns ingresos anuais garantidos para todas” é o slogan que articula a alternativa inmediata que con máis frecuencia lle propuxeron ao deshumanizador sistema de benestar. O que queren a longo prazo, con todo, é traballo e un coidado público das crianzas alcanzable. Os ingresos anuais garantidos funcionan, xa que logo, coma un seguro de desemprego pendente da creación de máis traballos con salarios ao xeito xunto con sistemas subvencionados para o coidado das crianzas.

As experiencias doutro grupo de mulleres revelan a natureza problemática da estratexia dos “salarios polo traballo doméstico”. As limpadoras, traballadoras do fogar, etc., saben mellor ca ninguén o que é recibir un pagamento polo traballo doméstico. Os seus tráxicos apuros son captados de xeito brillante no filme de Ousmane Sembène titulado *La Noire de...*²⁵ A protagonista é unha moza senegalesa que, logo de buscar traballo, faise institutriz para unha familia francesa que vive en Dakar. Cando a familia volve a Francia, ela acompaña entusiasmada. Porén, descobre que non só é a responsable das crianzas, senón de cociñar, limpar, e todas as tarefas da casa. Non lle leva moito pasar do entusiasmo á depresión — unha depresión tan fonda que rexeita o pagamento ofertado polos seus empregadores. O salario non lle compensa a súa situación de escravitude. Carecendo de medios para volver ao Senegal, está tan afogada na súa desesperación que escolle o suicidio mellor ca un destino infinito de cociña, limpeza, varrido...

[24] V. I. Lenin, “Un gran comezo,” panfleto publicado en xullo do 1919. Citado en *Collected Works*, Vol. 29 (Moscova, Progress Publishers, 1966), p. 429.

[25] N. da T. Filme proxectado no Cineclub de Compostela o 7 de maio do 2008, co título “A negra de...” e subtítulos traducidos por Iván Cuevas.

Nos Estados Unidos, as mulleres de cor —e especialmente as mulleres negras— recibiron salarios polo traballo doméstico durante décadas. En 1910, cando máis da metade das mulleres negras estaban a traballar fóra das casas, un terzo delas estaban empregadas como traballadoras domésticas remuneradas. Polo 1920 máis da metade eran serventas, e no 1930 a proporción acadara os tres quintos²⁶. Unha das consecuencias do moito que cambiara o emprego feminino durante a II Guerra Mundial foi unha diminución, moi benvida, no número de traballadoras negras domésticas. Aínda en 1960 un terzo de todas as mulleres negras que tiñan traballo estaban aínda confinadas ás súas ocupacións tradicionais²⁷. Cando os traballos de oficina tornaron máis accesibles para as mulleres negras, a proporción delas que traballaban no ámbito doméstico comezou a descender. Hoxe a figura mantense no 13 por cento²⁸.

As enervantes obrigas domésticas das mulleres, en xeral, ofrecen unha evidencia flagrante do poder do sexismo. E engadíndolle o racismo, un vasto número de mulleres negras tiveron que facer tanto o seu propio traballo doméstico coma o de outras mulleres. E con frecuencia, a demanda de traballo na casa dunha branca forzou a traballadora doméstica a descoidar a casa de seu e as propias crianzas. Como traballadoras domésticas pagadas, foran chamadas a se converter nas nais e esposas substitutas de millóns de homes brancos.

Ao longo de máis de cincuenta anos organizándose, as traballadoras domésticas tentaron redefinir o seu traballo rexeitando o rol de ama de casa substituta. As tarefas da ama de casa son interminables e indefinidas. As traballadoras do fogar demandaron, en primeiro lugar, unha delimitación clara dos traballos que se agardaba que fixesen. O propio nome dunha das maiores unións de traballadoras do fogar hoxe en día —Household Technicians of America (Técnicas en Traballo Doméstico de América)— pon a énfase no seu rexeitamento a funcionar coma amas de casa cuxo traballo é “só as súas labores.” Mentres as traballadoras domésticas sigan á sombra da ama de casa, continuarán a recibir salarios máis próximos á “prestación” dun ama de casa que ao salario dun traballador. Segundo o Comité Nacional de Emprego Doméstico, a media do que gañaba unha técnica do fogar a xornada completa era de 2,732 dólares no 1976, gañando dous terzos delas menos de dous dólares²⁹. Malia conseguiren as traballadoras domésticas a protección da lei do salario mínimo varios anos antes, no 1976, un increíble 40 por cento recibía agora salarios seriamente por baixo do estándar. O movemento polo salario para o traballo doméstico asume que se as mulleres son remuneradas por seren amas de casa, acadarán un maior status social. O conto é moi outro se miramos as vellas loitas das traballadoras

[26] Jackson, *op. cit.*, pp. 236-237.

[27] Victor Perlo, *Economics of Racism U.S.A., Roots of Black Inequality* (Nova York: International Publishers, 1975), p. 24.

[28] Staples, *The Black Woman in America*, p. 27.

[29] *Daily World*, July 26, 1977, p. 9.

remuneradas, cuxas condicións son moito máis miserables que as de calquera outro grupo baixo o capitalismo.

Máis da metade das mulleres dos Estados Unidos traballan hoxe, e constitúen o 41 por cento da forza de traballo do país. Con todo, é incontable o número de mulleres que non poden acceder a atopar traballos decentes. Coma o racismo, o sexismo é unha das causas das altas cifras de desemprego feminino. Moitas mulleres son “só amas de casa” porque realmente son traballadoras desempregadas. E non pode, así e todo, o rol da “ama de casa” ser desafiado de xeito máis efectivo demandando traballos para as mulleres en igualdade cos homes, e facendo presión polos servizos sociais (coidado dos nenos, etc.), o que permitiría a máis mulleres traballar fóra da casa?

O movemento polo salario polo traballo doméstico desmoraliza as mulleres para buscaren traballos por fóra, argumentando que “a escravitude nunha cadea de montaxe non é a liberación da escravitude do vertedoiro da cociña³⁰». As mulleres que levan a campaña insisten, con todo, en que non están a invocar o presidio continuo das mulleres nos illados ambientes das súas casas. Proclaman que mentres rexeitan traballar no mercado capitalista *per se*, tampouco non desexan asignarlles ás mulleres a responsabilidade das tarefas domésticas. Como di unha representante estadounidense deste movemento:

‘... non nos interesa facer o noso traballo máis eficiente ou máis produtivo para o capital. Interésanos reducir o noso traballo, e en última instancia rexeitalo todo. Pero mentres traballemos na casa para nada, ninguén se vai decatarse de como de longo ou duro é o noso traballo. Para o capital só introduce tecnoloxía avanzada para cortar os custes de produción logo dos logros salariais da clase traballadora. Só se facemos que o noso traballo custoso (se o facemos pouco económico) o capital ha “descubrir” a tecnoloxía para reduci-lo. Agora, temos que saír a cara a un segundo cambio: o lavalouzas que ha reducir o noso traballo³¹.’

Unha vez que as mulleres acadan o seu dereito a seren remuneradas polo seu traballo, poden acadar demandas por salarios máis altos, forzando aos capitalistas a emprender a tecnoloxización. É esta unha estratexia concreta para a liberación das mulleres ou é un soño irrealizable?

Como se supón que as mulleres deben conducir a batalla inicial polos salarios? Dalla Costa *chama pola folga das amas de casa*.

‘Debemos rexeitar a casa, porque queremos unirnos a outras mulleres, contra todas as situacións que presumen que as mulleres deben quedar na casa... Abandonar o fogar é xa unha forma de loita, xa que os servizos sociais que desenvolvemos deixarían de ser desenvolvidos nesas condicións³².’

[30] Dalla Costa e James, *op. cit.*, p. 40.

[31] Pat Sweeney, “Wages for Housework: The Strategy for Women’s Liberation,” *Heresies*, xaneiro, 1977, p. 104.

[32] Dalla Costa e James, *op. cit.*, p. 41.

Pero se as mulleres deixan a casa, onde van? Como se van unir con outras mulleres? De verdade deixarían as súas casas motivadas polo único desexo de protestar polo seu traballo doméstico? Non é moito máis realista mobilizar as mulleres para “abandonaren a casa” na busca de traballos fóra —ou, á fin, para participaren nunha campaña masiva a prol de traballos decentes para as mulleres? Por suposto, o traballo baixo as condicións do capitalismo é traballo embrutecedor. Dende logo, é non creativo e alienante. Xa con todo isto, o feito continúa no traballo: as mulleres poden unirse coas súas irmás —e cos seus irmáns— para desafiar o capitalismo en canto á produción. Como traballadoras, como militantes activistas no movemento laboral, as mulleres poden xerar o auténtico poder para loitar contra o alicerce e o beneficiario do sexismo: o monopolo do sistema capitalista.

Se a estratexia dos salarios polo traballo doméstico fai ben pouco por dar unha solución ao problema da opresión das mulleres, tampouco canaliza o fondo descontento das amas de casa contemporáneas. Recentes estudos sociolóxicos revelaron que as amas de casa están hoxe máis frustradas polas súas vidas ca nunca antes. Cando Ann Oaley dirixiu entrevistas para o seu libro *The Sociology of Housework*³³, descubriu que mesmo as amas de casa que parecían non inmutarse polo seu traballo doméstico expresaban unha fonda insatisfacción. Estes comentarios veñen dunha muller que traballaba nunha fábrica:

‘... (Gústache o traballo doméstico?) Non me importa... Supoño que non me importa porque tampouco non estou todo o día ao tema. Saio traballar e só fago traballo doméstico a metade do día. Se estivese todo o día, non me gustaría. O traballo das mulleres nunca está rematado, sempre hai —mesmo antes de te deitar na cama, seguro que tes algo que facer— baleirar os borrarreiros, lavar algunha cunca. Aínda estás traballando. Estás todo o tempo, e non podes dicir que non o vas facer, porque o tes que facer —como preparar un xantar: tes que facelo porque se non o fas, os nenos non comen... Supoño que te afás, de xeito que xa o fas automaticamente... son máis feliz no traballo do que o son na casa’.

‘(Que é para ti o peor de seres amas de casa?) Supoño que tes días en que te ergues e ves que tes que facer as mesmas vellas cousas de sempre —abúrreste, afundes na mesma rutina. Penso que se llo preguntas a calquera ama de casa, se é honesta, dirache que a metade do tempo séntese unha escrava. É erguéreste pola mañá e pensar “Oh, non, teño que facer o de sempre, ata que me volva deitar³⁴”.’

Os salarios diminuírían este tedio? Esta muller diría que non. Unha ama de casa *full-time* faloulle a Oakley sobre a natureza compulsiva do traballo doméstico:

[33] Oakley, *The Sociology of Housework* (Nova York: Pantheon Books, 1974).

[34] *Ibid.*, p. 65.

‘O peor é que se supón que tes que facer ese traballo porque *estás* na casa. Mesmo se tivese a opción de non facelo, non sentiría realmente que *podo* non facelo porque *debería* facelo³⁵.>

De todos os xeitos, recibir un salario por este traballo só serviría para aumentar a obsesión desta muller.

Oakley chegou á conclusión de que o traballo doméstico —particularmente cando é a todas horas— invade tanto a conciencia e a personalidade que a ama de casa vólvese indistinguible do seu traballo.

‘A ama de casa, en certo sentido, é o seu traballo: a separación entre cuestións subxectivas e obxectivas nesta situación é intrinsecamente máis difícil³⁶.>

A consecuencia psicolóxica é unha personalidade atrofiada por sentimentos de inferioridade. A liberación psicolóxica dificilmente se pode acadar por lle pagar un salario á muller.

Outros estudos sociolóxicos confirmaron a aguda desilusión sufrida polas amas de casa contemporáneas. Cando Myra Ferree³⁷ entrevistou máis dun cento de mulleres nunha comunidade traballadora preto de Boston, “case o dobre de amas de casa que de mulleres empregadas dixeron que estaban desgustadas coas súas vidas.” Non hai que dicir que a maioría das mulleres traballadoras éranos en traballos pouco gratificantes: camareiras, traballadoras de fábricas, dependentas, mecanógrafas, etc. A súa aptitude para abandonar o illamento do fogar, “saíndo e vendo outra xente,” era tan importante coma os seus salarios. As amas de casa que se sentían “tolear” quedando na casa recibirían ben a idea de seren pagadas por tolear? Unha muller queixábase de que “estar todo o día na casa era coma estar no cárcere” —había un salario botar abaixo os muros da súa prisión? O único xeito de escapar desta prisión é buscar traballo fóra.

Cada unha das mulleres que integran ese 50 por cento delas que traballa nos Estados Unidos é un poderoso argumento para aliviar a carga do traballo doméstico. De feito, os empresarios capitalistas comezaron a explotar a nova necesidade histórica das mulleres de se emancipar dos seus roles de amas de casa. As cadeas de comida rápida, xeradoras de beneficios sen fin, coma McDonald’s e Kentucky Fried

Chicken, testemuñan que máis mulleres traballando significan menos comidas feitas na casa. Por insípida e insá que sexa a comida, por explotados que estean os traballadores, esas operacións de comida rápida chaman a atención sobre a inminente obsolescencia do traballo doméstico. O que se necesita, dende logo, son institucións sociais dispostas a asumiren boa parte das tarefas das amas de casa. Este é o reto que emana das cuantiosas ringleiras de mulleres da clase traballadora. A demanda de coidado das crianzas universal e subvencionado é unha consecuencia directa do aumento do número de mulleres traballadoras. E cantas máis mulleres se organicen para demandar traballos —traballos na base da igualdade cos homes —xorden serias preguntas sobre o futuro do traballo das amas de casa. Pode ser certo que a “esclavitude na cadea de montaxe” non é en por si “a liberación da esclavitude do vertedoiro da cociña”, pero a cadea de montaxe é sen dúbida un incentivo para as mulleres faceren presión para eliminar a vella esclavitude doméstica.

A abolición do traballo doméstico como responsabilidade privada das mulleres é claramente un logro estratéxico da liberación das mulleres. Pero a socialización do mesmo —incluíndo a preparación das comidas e o coidado dos nenos— presupón a fin do reinado dos beneficios como único obxectivo na economía. Os únicos pasos significativos para rematar coa esclavitude doméstica, de feito, déronse nos existentes países socialistas. As mulleres traballadoras, polo tanto, teñen un especial interese na loita polo socialismo. Amais, baixo o capitalismo, campañas polo traballo cunha base equitativa cos homes, combinadas con movementos a prol da sanidade pública, conteñen un explosivo potencial revolucionario. Esta estratexia pon en cuestión a validez do monopolio capitalista e colócanos na dirección do socialismo.

* DAVIS, Angela (1981): “The Approaching Obsolescence of Housework: A Working-Class Perspective” in *Women, race and class*: (capítulo XIII) [extraído do Marxists Internet Archive, en inglés: www.marxists.org. Tradución de Lara Rozados Lorenzo]

[35] *Ibid.*, p. 44.

[36] *Ibid.*, p. 53.

[37] *Psychology Today*, Vol. X, No. 4 (setembro, 1976), p. 76.